
O CERN EMPREGA SOFTWARE DESENVOLVIDO NO CESGA

- Actualizado (30.04.2010)

O WLCG (Worldwide LHC Computing Grid), a infraestrutura grid creada para distribuír, almacenar e analizar os datos que se extraerán dos experimentos do Large Hadron Collider do CERN, está a empregar software desenvolvido polo Centro de Supercomputación de Galicia para EGEE, (Enabling Grids for e-Science) e EELA (e-science grid facility for Europe and Latin America). En concreto, o "Portal de Contabilidade" (Accounting) e o "Portal de Métricas" desenvolvidos para EGEE, e o software que permite utilizar o sistema de colas GridEngine.

(+)